

Ghilladas



Centro Coreográfico Galego 7 · 8 de marzo
Daniel Abreu 15 de marzo
Entremans 29 de marzo

Paulo Ribeiro 2 de abril
Matarile Teatro 10 de abril

Teatro Rosalía Castro

Deseño: Néstor Francesch

Teatro Rosalía Castro

GhILLADAS

espazos /actos propios de xentes arroutadas

15.03.09

Compañía Daniel Abreu

NEGRO

Coprodución con **Centro Coreográfico Galego e Auditorio de Tenerife**

Función: 19 h.

29.03.09

Compañía Entremans

CONCERTO DESCONCERTO

Coprodución con **Centro Coreográfico Galego**

Función: 19 h.

02.04.09

Compañía Paulo Ribeiro

FEMENINE

Coprodución con **Culturgest e Centro Coreográfico Galego**

Función: 20.30 h.

10.04.09

Matarile Teatro

ANIMAIS ARTIFICIAS

Función: 20.30 h.

Entradas: 9'00 € (carne xove, + 65 anos, desempregados, 7'00 €)

Autor do cartaz:

HÉCTOR FRANCESCH

15.03.09

NEGRO

Traballo coreográfico para catro bailaríns, que se fundamenta no corpo como único instrumento motor de toda sensación



Cada cousa que ven os ollos é diferente, cada son que é escoitado é diferente, cada caricia, e cada posta de sol.

A ventá ofréceme unha paisaxe para regalar aos outros, a ti, porque non che pertence o meu atardecer, este so o vexo eu. É meu o atardecer que ven os meus ollos, pero é para ti.

Intérpretes: **Andrea Quintana, Janet Novas, Anuska Alonso, Daniel Abreu**

Asistente de coreografía: **Laura Marrero**

Música orixinal: **Masahiro Hiramoto**

Coreografía, dirección e iluminación:
Daniel Abreu

Compañía Daniel Abreu

Daniel Abreu

É natural de Tenerife e está en posesión de numerosos premios polos seus traballos coreográficos. Ten traballado con Matarile Teatro, Centro Dramático Gallego, Lanónima Imperial e Provisional Danza. Como creador elaborou máis de vinte coreografías presentadas en Venezuela, Polonia, Alemaña, Portugal, Inglaterra e importantes festivais no Estado Español.

Andrea Quintana

Nace en A Coruña, onde remata os estudos de danza clásica. Na actualidade traballa como intérprete da Compañía Arrieritos e con Daniel Abreu. Bailou coreografías de José Reches e Carmen Werner.

Janet Novás

Nace en Porriño (Pontevedra). Realiza estudos de danza contemporánea en Madrid e Bruxelas. Traballou para a compañía Provisional Danza e bailou coreografías de Pedro Berdäyes e José Reches. Entre os seus traballos coreográficos destaca "Parpadeo" e "Marietta", dous solos presentados en varios festivais nacionais.

Anuska Alonso

Nace en Vigo, onde remata os seus estudos de danza clásica e contemporáneo. Traballou para a compañía de Danza Losdedae de Chevy Muraday. Na actualidade traballa como intérprete para Daniel Abreu

Masahiro Hiramoto

Nacido en Tokyo, comeza a súa actividade no mundo da música con sons electrónicos. Colaborou con Carmen Werner (Provisional Danza), Jo Kanamori (Noism07), Kenta Kojiri (Nederlans Dans Theater 1), Yasutake Shimaji (The Forsythe Company), Kishin Shinoyama (Photographer), etc.

29.03.09

CONCERTO DESCONCERTO

A compañía coruñesa Entremáns presenta unha coreografía que tenta poñerlle son ao movemento, deixar escoitar a danza, descubrir un mundo de sensacións onde a música nace do propio intérprete "bailando nunha especie de áurea de nostalxia".



Creo que todo ten que ver coa terrible circunstancia de estar rodeado de auga por todas partes...

¡Ay avoa! Ti, no teu sillón mecendo cubanía a berros, bicos, bolero e ron.

Meu, quita catao i pon quinqué!

Creadores-Intérpretes: **Alexis Fernández, Kirenía Martínez, Amando Marten, Caterina Varela**

Asesoramento e produción musical: **Mercedes Peón**

Asistencia de dirección: **Kirenía Martínez**

Dirección: **Alexis Fernández**

Compañía Entremans

É unha compañía galega que nace no 2005 da man dos cubanos afincados en Galicia Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenía Martínez e Alexis Fernández, baixo a produción de Estefanía Vázquez (Galicia). Desde 2007 Caterina Varela (Galicia) incorpórase a compañía en diferentes pezas. Sumanse en diferentes proxectos outros nomes como David Edreira (Galicia), Erick Jiménez (Costa Rica) e Ángela Blanco (Galicia).

É unha compañía de pequeno formato que non busca definirse nun só rexistro. As diferentes pezas creadas por eles realízanse xeralmente cunha dirección artística colectiva na que prima o discurso persoal, a experiencia de cada intérprete. Reúnense nesta compañía diferentes xeracións que enriquecen o traballo colectivo nutríndose da traxectoria persoal de cada integrante.

Ten creados os seguintes espectáculos:

· EN LA CUENCA DE TUS OJOS - [Estrea: Abril de 2006 na Coruña]
1º Premio do V Certame Internacional de Coreografía de Burgos & New York
1º Premio do IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia
Premio á Bailarina Sobresaínte do IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia.
Ver http://es.youtube.com/watch?v=7_g381q5smc

· HASTA QUE NO TE COMAS TODO – [Estrea: Abril de 2007 na Coruña]
· DOS SOMBREROS Y UNOS TRAGOS – [Estrea: Abril de 2007 na Coruña]
· A PALO SECO – [Estrea: Xullo de 2007 na Coruña]
· SÍ QUIERO – [Estrea: Xullo de 2007 na Coruña]
· VEN – [Estrea: Marzo de 2008 na Habana]
1º Premio XXII Certamen Coreográfico de Madrid
Ver: <http://es.youtube.com/watch?v=HMB1r-oD0NM>
· ¿QUÉ PASA AQUÍ? – [Estrea: Abril de 2008 en Carballo]

02.04.09

FEMENINE

Cuarteto para mulleres que ten como punto de partida os textos de Fernando Pessoa do Livro do desassosiego e dos Escritos autobiográficos, automáticos e de reflexión pessoal.

Completa a produción de Ribeiro para 2007, *Masculine*.



Hai cuestións que nos acompañan sempre, hai persoas que están sempre presentes, hai dúbidas que non deben ser esclarecidas, elas son a razón paa estar atento. Non son precisas respostas. Precisamos do encantamento, precisamos practicar a simplicidade para atinxir o fascinante da multiplicidade.

Aproximarémonos á inmensa persoa de Pessoa, porque coma el calcamos nas mesmas pedras inconformados por continuarmos aquí!!!

Intérpretes: **Leonor Keil, São Castro, Elisabeth Lambek**

Coreografía e dirección: **Paulo Ribeiro**

Compañía Paulo Ribeiro

Paulo Ribeiro é natural de Lisboa. Antes de se afirmar como coreógrafo, fixo carreira como bailarín en varias compañías en Bélxica e Francia. A súa estrea no dominio da creación coreográfica deuse en 1984, en París, no ámbito da compañía Stridanse, de que foi co-fundador, e que o levou á participación en diversos concurso daquela cidade, obtendo, en 1984, o premio de Humor e, en 1985, o segundo premio de Danza Contemporánea, ambos no Concurso Volinine.

De volta a Portugal, en 1988, comezou a colaborar coa Compañía de Dança de Lisboa e co Ballet Gulbenkian do que foi director entre 2003 e 2005.

A **Compañía Paulo Ribeiro** é unha compañía portuguesa de danza contemporánea fundada en 1995, como resultado do traballo do coreógrafo Paulo Ribeiro xunto a algunha das máis prestixiosas compañías de danza contemporánea europeas.

Nestes case 12 anos de actividade, esta compañía conquistou un importante lugar entre as máis recoñecidas compañías de danza contemporánea e portuguesa, presentándose regularmente nas principais salas de espectáculos nacionais, europeas e internacionais (nomeadamente Brasil e os Estados Unidos de América).

Con 18 producións realizadas, que espertan sempre o interese da crítica e do público e con unha audiencia global que xa ronda as 70.000 persoas, esta compañía recibiu aínda algúns dos máis importantes premios nacionais e estranxeiros.

É, desde 1998, a compañía residente no Teatro Viriato de Viseu, onde creou e implantou o seu proxecto e máis alá da actividade de creación, produción e itinerancia artísticas desenvolve un importante proxecto pedagóxico e de formación de públicos xunto á comunidade local, que inclúe aulas regulares de danza e teatro e tamén proxectos específicos para o público escolar, residencias, presentacións informais.

10.04.09

ANIMAIS ARTIFICIAS

Un espectáculo que con certeza non deixa indiferente. Un estilo narrativo fóra dos canons estereotipados no que a creadora propón un retrato coral de personaxes que fan a súa presentación complicándose aínda máis cunha linguaxe metafórica. Trátase da presentación de atmosferas máis ou menos lúdicas, máis ou menos opresivas, pero sempre incompactas e sorprendentes, onde o actor forma parte dese espello sobre o que contemplar imaxes, que acompañadas de texto, de palabra, de movemento, nos suxiren a un ser humano, ou máis ben a un montón de humanidade.



Hai xente que ten a capacidade de imaxinarse coma outra persoa e hai xente que non a ten (cando esa carencia é extrema, chamámoslles psicópatas). E hai xente que ten esa capacidade pero decide non poñela en práctica.

Coetzee, Elizabeth Costello

Intérpretes: Helen Bertels, José Campanari, Mónica García, Mauricio González, Iván Marcos, Ricardo Santana, Ana Vallés

Tuba: Hugo Portas

Voz Contratenor: Ramón Vázquez

Espazo escénico, iluminación: Baltasar Patiño

Creación e dirección: Ana Vallés

Matarile Teatro

Créase en Santiago de Compostela no ano 1986.

Principais espectáculos: 2008 · ANIMALES ARTIFICIALES; 2007 · TRUENOS & MISTERIOS; 2005 · HISTORIA NATURAL (eloxio do entusiasmo); 2005 · PIE IZQUIERDO de Ana Vallés e Carmen Werner Provisional Danza; 2003 · ACTO SEGUIDO; 2002 · SIN SOMBRA DE DUDA; 2002 · QUEN TE QUERE, QUEN TE CHAMA creado para o Festival Internacional En Pé de Pedra; 2001 · A BRAZO PARTIDO; 2000 · PRIMEIRO MOVEMENTO: PARA FIGURAS BRANCAS; 1999 · THE QUEEN IS DEAD; 1998 · TEATRO PARA CAMALEÓNS; 1998 · STRANGERS IN THE NIGHT creado para o Festival Internacional En Pé de Pedra; 1997 · 12ROUNDS; 1996 · NEGRO é NEGRO; 1996 · ZEPPELIN N°7; 1995 · MVSEO; 1994 · LA CASA EN PRIMER PLANO coproducido con Provisional Danza; 1994 · 31 Proposta escénica adaptable a espazos non teatrais; 1993 · CAFÉ DE NOITE coproducido con Provisional Danza; 1993 · DERIVA; 1992 · CAFE ACÚSTICO; 1991 · ANDANTE; 1989 · HAMLETMASCHINE de Heiner Müller; 1986 · O CUMPREANOS DA INFANTA de Oscar Wilde

Ana Vallés é a directora de Matarile Teatro, autora e actriz.

1982 Chegou ao teatro a través dun taller de construción de marionetas creado con Baltasar Patiño
1986 Cofundou Matarile Teatro, compañía que empezou a dirixir en 1991.

Dirixiu tamén para outras compañías, entre elas: Provisional Danza, Centro Dramático Galego, Teatro de La Abadía.

+ **información:** www.matarileteatro.com

HÉCTOR FRANCESCH

Autor do cartaz

A Coruña, 1977, autodidacta, 1,63cm de altura e 57 kilos de peso, xa saben: home pequeno, fol de



veleno. Ademais da pintura, traballa coa serigrafía e o deseño gráfico. As exposicións individuais e colectivas, a selección, os premios e adquisición de obra en concursos de artes plásticas e deseño gráfico, a súa presenza en coleccións como Caixanova, Fundación CIEC, xunto co seu traballo con galerías como Trama de Madrid avalan o seu traballo.

Acaba de pasar unha tempada vivindo e traballando no Centro de Arte Piramidón, en Barcelona, toda unha experiencia persoal e profesional. De alí, e despois de facer unha paradiña en Nova York, regresa coas pilas renovadas e con ganas de darlle kilómetros á brocha.

Neste momento prepara unha exposición individual en Barcelona



Emprego as etiquetas do Cola-Cao, os contrastes urbanos ou mesmo os clicks de Famobil como personaxes para cotar diferentes historias. De todos eles gústame sacar a máxima plasticidade, ademais do imposible ou inesperado, buscando así unha maior forza conceptual.

Autopresentación na revista GPS

+ **información:** www.hectorfrancesch.com